

ACTA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE

Sesión do 6 de abril de 2016

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade, o mércores 6 de abril de 2016, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (25 de febreiro de 2016)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Aprobación, se procede, de actividade extraacadémica**
- 4. Aprobación, se procede, de modificación da composición das comisións do centro**
- 5. Aprobación, se procede, dos procedementos:**
 - DO-0101 P1 Ind. 05 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais**
 - AC-0104 P1 Ind. 02 Accesos e admisión**
 - AC-0201 P1 Ind. 02 Matrícula**
 - AC-0401 P1 Ind. 02 Expedición de títulos oficiais**
- 6. Aprobación, se procede, do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección**
- 7. Apoio institucional ao I Encontro Galaico-Asturiano**
- 8. Rolda de intervencións**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (25 de febreiro de 2016)**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Informa que José M^a Eguileta, arqueólogo do concello de Ourense, aceptou a proposta suxerida polo profesor Jesús de Juana de incorporarse á Comisión de Calidade do centro como representante da sociedade.

- Así mesmo comenta que Arturo Real xa iniciou o seu traballo como bolseiro de calidade. En principio se lle deu documentación xerada no decanato en anos anteriores para que a organice.
- Comenta que o día 7 de abril e ata o 31 de maio, está aberto o prazo para cumprimentar as enquisas de satisfacción para o alumnado de 3º de grao. Este ano o profesorado non ten que realizar a enquisa.
Imprimiuse o listado do alumnado matriculado e deixárase no laboratorio de informática para que se asine segundo se vaia facendo a enquisa.
- Informa que no pavillón 2 instalouse unha fotocopiadora nova, se houberse algún problema que se comunique no decanato para a súa subsanación.
- A Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais solicitou a proposta de dous PDI (home e muller) para formar parte do xurado do Premio Nacional de Historia. A proposta enviárase ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que entre todas as achegadas fará unha selección, polo que non é seguro que se vaia formar parte do xurado nesta nin en sucesivas edicións.
Preséntanse voluntarios o profesor Julio Prada e a profesora Beatriz Comendador.
- Informa que o 12 de abril, ás 13.00h, na Biblioteca, haberá unha reunión da Área de Calidade cos representantes do estudantado. Insiste ao alumnado sobre a importancia da súa asistencia á reunión, de cara aos procesos nos que imos a participar no 2017. Despois a decana reuniuse con eles para solventar dúbidas, preguntas, etc.

3. Aprobación, se procede, de actividade extraacadémica

Propónse como actividade extraacadémica a homenaxe á profesora Mercedes Durany. Este acto será organizado xuntamente co Departamento de Historia, Arte e Xeografía e os gastos irán a medias. O departamento fará cargo do custe do concerto de música medieval a cargo do grupo Meendinho e o decanato dos gastos do desprazamento e aloxamento de José Ángel García de Cortázar, así como do importe das invitacións e a impresión do programa do acto, que terá lugar o venres 13 de maio ás 19.00h. no Salón de Actos Marie Curie.

Apróbanse a solicitude como actividade extraacadémica.

Solicítase a todos os membros que, de selo caso, subministren ao decanato listado de persoas interesadas para enviarlles a invitación.

4. Aprobación, se procede, de modificación da composición das comisións do centro

Como consecuencia das pasadas eleccións a representantes do alumnado e do PDI sen vinculación permanente na Xunta de Centro, faise necesaria a modificación da composición das distintas comisións, que quedaría do seguinte xeito:

Comisión Permanente: representante alumnado Daniel Cid Narváez

Comisión de Calidade: representantes alumnado Xoel Díaz Alonso e Arturo Real López

Comisión de Compensación: representante alumnado Arturo Real López

Comisión TFG: representante alumnado Jorge Ansia Gómez

Comisión Prácticas Externas: representante alumnado Héctor Espino Alvarado

5. Aprobación, se procede, dos procedementos: DO-0101 P1 Ind. 05 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais; AC-0104 P1 Ind. 02 Accesos e admisión; AC-0201 P1 Ind. 02 Matrícula; AC-0401 P1 Ind. 02 Expedición de títulos oficiais

A Área de Calidade vai actualizando os distintos procesos para simplificalos. Neste caso os AC refírense a temas administrativos, nos que o centro non ten competencia. No que respecta ao DO, xa se deseñou o título, se verificou e se modificou, co que dito procedemento afectaranos cando vaiamos á acreditación.

Apróbanse todos os procedementos.

6. Aprobación, se procede, do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección

Este informe, xunto con todas a suxestións feitas, xa se validou na Comisión de Calidade. Valoráronse as taxas, resultan chamativas, por baixas, tanto á de graduación, habendo pouco alumnado que se gradúe nos 4 anos, como o número de matriculados en 1º, que aínda non chegamos aos 45.

Apróbase o informe por asentimento.

7. Apoio institucional ao I Encontro Galaico-Asturiano

A Asociación Arcián, que é unha asociación de estudantes da Universidade de Santiago de Compostela, solicitou o apoio institucional para a organización do I Encontro Galaico-Asturiano en outubro. Neste encontro participarán especialistas en Prehistoria, Protohistoria, Historia Antiga e Alta Idade Media do noroeste peninsular de varias universidades españolas.

A profesora Beatriz Comendador comenta que é unha asociación que traballa moito e ben e que son xente responsable.


Apróbase darlle o apoio institucional solicitado.

8. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.25 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez

XUNTA DE FACULTADE

ORDINARIA

06/04/2016

	ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
ANSIA GÓMEZ, JORGE	SI	
ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN	SI	
BARRIOCANAL LÓPEZ, YOLANDA	SI	
CASTRO LÓPEZ, LADISLAO	SI	
CID NARVÁEZ, DANIEL	SI	
COMENDADOR REY, BEATRIZ	SI	
DÍAZ ALONSO, XOEL	SI	

ESPINO ALVARADO, HÉCTOR	SI	
FDEZ CONTRERAS, M ^a CARMEN		SI
GARCÍA CABO, MANUEL	SI	
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT	SI	
JUANA LÓPEZ, JESÚS DE		SI
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA		SI
LOZANO GONZÁLEZ, CARLOS	SI	
PÉREZ LOSADA, FERMÍN		NO
PÉREZ RODRÍGUEZ, FCO. JAVIER	SI	
PRADA RODRÍGUEZ, JULIO	SI	
PRESEDO GARAZO, ANTONIO	SI	
REAL LÓPEZ, ARTURO	SI	
REBOREDA MORILLO, SUSANA	SI	
SIXIREI PAREDES, CARLOS		SI
TABOADA RODRÍGUEZ, SOFÍA	SI	
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE	SI	
VALÍN FERNÁNDEZ, ALBERTO		SI
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ	SI	